



A DELIMITACIÓN DA VALURIA OU VALURA, SEMPRE CO “V”.

Xosé Otero Canto

Volvemos hoxe ao estudo e análise da palabra *valuro* para deixar claro que a súa escrita ten que ser co “v” e nunca co “b”; aínda que ao longo dos séculos foi sempre un vocábulo no que non había unha conciencia clara da súa grafía, por descoñecemento da súa orixe e da súa etimoloxía, que viría a resolver o problema.

Filomena Dorrego¹ dinos que “O propio termo xa ofrece problemas en canto á súa grafía xa que non hai ningún dicionario máis ou menos actual que recolla esta entrada, e de aí a discrepancia entre *b* e *v* na escrita”. Soamente no *Diccionario Galego-Castelán* de X. L. Franco Grande a voz **baluro** defínese como “Brujo, hechicero que a la vez oficiaba de médico, sacerdote, milagrero y profeta”; mentres que na entrada **valuro-a**: di: “Usurero, que presta con usura. Dícese de los habitantes de la Terra Chá, que también se les llama chairegos”.

O mesmo Xosé Manuel Carballo Ferreiro, creou dous grupos, un de teatro **Os Valuros**, co *v*, e outro de música, **Os Baluros**, co *b*, para concienciarnos da dificultade da escrita deste termo que se representou co *b* ou co *v* ao longo da súa historia e dos persoeiros que fixeron referencia a este nome, como foron: Vicente Risco, Manuel Murguía, Aquilino Iglesia Alvariño, Manuel Amor Meilán, Eduardo Lence Santar e outros, os uns tratábanos co *v* e os outros co *b*, e algúns coas dúas grafías.

Nós², trataremos de unificar criterios e dar razóns polas que este vocábulo ten que escribirse co *V* e nunca co *B*, cuestión esta que xa tratábase nesta mesma revista (Croatia, nº27, 2017) na que falabamos dun sufixo hidrónimo paleoeuropeo en *-ur* e *-urium*, que xa estaba testemuñado por Plíneo, como palabra nativa hispana relativa ás augas e do étimo **uro* e **ura*, que significa “río de augas porcas e cenagosas” o que unido a *valle(m)*, cuxo significado é “val”, quedaríanos “val de augas cenagosas” ou “val de pantanos” que sería o significado da nosa Valuria ou Valura.

Tamén dicimos que “outra das formas etimolóxicas máis acertadas para a palabra *valuro*, sempre co “v” e nunca co “b”; podería ser do latín *valles*, de *vallis*, *-is*, cuxo acusativo sería *valle(m)* que evolucionaría a *val*, e da outra parte da palabra *urus*, *uri*, co seu acusativo *uru(m)* que significa e que evoluciona a “uro” ou “touro salvaxe”.

O seu significado sería *Valuro*, val onde viven os uros ou touros salvaxes, mais non tiñamos moita constancia da existencia dos uros en Galicia aínda que citáramos no Caurel unha cova chamada a *Cova do Uro*, pero hoxe, coa aparición de estudos sobre este *Bos primigenius* nunha investigación na que participan científicas da Universidade da Coruña³ que tratan de investigar “O enigma do ADN dos tres touros da

2 OTERO CANTO, Xosé (2017).- *Sobre a etimoloxía da palabra “Valuro”* Croatia, nº 27.

3 RODRÍGUEZ, Eva.- *O enigma do ADN dos tres uros da pastora Elba do Courel*. Gciencia. Agencia SINC, 24/05/21.

1 DORREGO MARTÍNEZ, Filomena. (2005)- *Sobre os Baluros: mito e realidade*. Croatia, nº 15.

pastora Elba do Courel" cunha datación duns 9000 anos de antigüidade, este equipo internacional de científicos conseguiu extraer ADN mitocondrial de ruminantes de diversas épocas de Galicia; entre eles, analizaron restos deste *B. Primigenius* da cova do *Chan de Lindeiro* en Lugo que atoparon nunha sima xunto cos fósiles humanos da pastora do Courel "Elba" cunha datación de nove mil anos de antigüidade e onde os uros analizados son os máis antigos descubertos, feito que proba a existencia destes ruminantes en Lugo e o que tamén faría posíbel a súa existencia na Terra Chá ou Valuria e a nosa evolución de Valuro como "val de uros".

As dúas posíbeis evolucións, sempre co *V* e nunca co *B* por derivar do latín *valle(m)*, mais a presentación na Ponte de Outeiro, Castro de Rei, dun antigo e sobranceiro fillo, Don Manuel Becerra Bermúdez, nado o 20 de outubro do 1820 e con motivo do segundo centenario do seu nacemento, ao que se lle levanta un monólito moi cerca da casa que o viu nacer, ao lado do río Miño e moi cerca da Ponte, este prócer que foi ministro repetidas veces durante o século XIX, promotor do San Froilán en Madrid, do campo de tiro de San Cibrao, dunha escola preparatoria militar, da Escola de Artes e Oficios nos solares que ocupou logo o antigo Cuartel das Mercedes en Lugo. O Concello de Lugo, obsequiouno cun retrato ao óleo que no tempo custou cincocentas pesetas e que se presentou na inauguración da Escola de Artes.

A Deputación Provincial, en recoñecemento da súa labor, concedeulle o título de Fillo Preclaro e Predilecto de Lugo en 1888.

Velaí as palabras propias e o seu sentir⁴, que nos trouxo unha nova visión da palabra valuro:

*"Hijo soy de esta provincia, de eso que vosotros llamáis la **baladura** de Castro de Rey de Tierrallana; y soy hijo de Lugo, declarado hijo predilecto de esta ciudad donde hice mis estudios como puede hacerlos un pobre.. Esos son mis cuarteles de nobleza y no los oculto. . ."*

4 PÉREZY VERDES, Ricardo (1996).- *Manuel Becerra, de barricadista a ministro*. Croa, nº 6, p.22.

Don Manuel Becerra está a falar da súa identidade e recoñece ser fillo do que chaman **A BALADURA** e que nos leva a outros étimos distintos aos xa vistos, pero sempre co *V* para explicar o termo de Valuro.

Cando D. Manuel Becerra di ser fillo da **baladura**, poderíamos pensar no verbo latino *balo*, *-as*, *-are*, *-avi*, *-atum*, que significa "bear" as ovellas en galego e en castelán "balar"; cunha etimoloxía procedente de *ballatura(m)* que podería orixinar *baladura* e logo *balura* co *b*, mais nós coidamos que esta non é a súa orixe por ser animais pouco habituais na Valuria ou Terra Chá debido á humidade, pois as ovellas no mollado teñen unha enfermidade que os ancestros chamaban o "lolo ou o loro, na gorxa" e do que morrían pola herba mollada e demasiado verde, por iso a estes animais habería que situalos nos montes e lugares secos.

No diccionario de Corominas⁵ trátanse os étimos:

"VALLA, 1611. Del Lat. VALLA, plural de VALLUM , "empalizada", "muralla de tierra o de piedra".

Deriv. *Vallado*, 490, lat. VALLATUS, participio de VALLARE, "cerrar con empalizada", *valladar* . . ."

O Diccionario SPES⁶:

"VALLO 1 tr: rodear de un vallado, empalizada o trinchera, atrincherar, fortificar (*castra* un campamento)//proteger, defender. . .

VALLUM, -I n: empalizada, vallado//atrincheramiento, trinchera//defensa, resguardo, amparo."

O verbo **vallo**, **-as**, **-are**, **-avi**, **-atum** tería un participio de futuro que sería **vallaturus, vallatura, vallaturum** co significado de "o que ha de vallarse", mais cando Don Manuel Becerra emprega o vocábulo **baladura** (cun erro ortográfico por parte do transcriptor), tería que ser **valadura**.

5 COROMINAS, Joan (1967).- *Breve diccionario etimológico de la Lengua Castellana*. 2ª ed. Revisada. Ed. Gredos, S.A. Madrid, p. 597.

6 *Diccionario Ilustrado LATINO-ESPAÑOL, ESPAÑOL-LATINO*. Edit. Spes S.A. 6ª edic. Barcelona 1962, p. 534

Os pasos evolutivos serían os seguintes: Lat. **Vallatura(m) – Vallatura – Valladura – Valadura – Valura ou Valuria.**

No paso de **vallatura(m)** a **valadura** supón xa un cambio de categoría, de verbo (participio de futuro), a substantivo; mais quen lle ofrece ese cambio é o sufixo **-ura**, que forma substantivos femininos concretos, a miúdo provenientes directamente do latín, a partir de verbos ou participios co significado de “obxecto para” ou “resultado de” . . . a acción indicada pola base.

Exemplos:

Montar - - - montura. (Obxecto para montar)

Envolto—envoltura (Resultado de envolver)

Vallatus—Vallatura—**valadura (Resultado de vallar)**

A pregunta máis importante sería, onde está esa estacada, muralla de pedra ou de terra que formaría parte desa **valadura**? Evidentemente, nós cremos que non existe na Valuria ou Terra Chá unha “valadura” que abranguese un espazo tan grande, nin tan sequera relativo a un concello como puidese ser o de Castro de Rei, porque esa **valadura** que orixina **Valuria** ou **Valura** apreixaría as montañas que serven de “defensa, resguardo e amparo”, que tamén é o significado de “valadura”.

Comprendería a súa delimitación, como terreo resgardado, defendido e amparado polas seguintes montañas que, por suposto, acoutarían tamén a Valuria, Valura ou Terra Chá:

NORTE.- Serras da Toxiza, Xistral e Serra de Carba.

ESTE.- Serra de Meira e Cordal de Neda.

OESTE.- Cova da Serpe e Serra Loba.

SUR.- Lugo.

Este espazo resgardado, e só este, correspondería aos concellos xa admitidos dentro da **Valuria**, como son os de: **Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Baamonde, (Muras?) Pastoriza, Vilalba e Xermade** pero tamén habería que incluír a **Outeiro de Rei, Rábade, Meira, Parga e Friol**, posto que tamén forman parte da **valadura** que evolucionou a **Valura** ou como dixo Aquilino Iglesia Alvariño, **A Valuria.**

BIBLIOGRAFÍA:

ABASCAL, Juan Manuel; CEBRIÁN, Rosario. (2009): "Los viajes de José Cornide por España y Portugal de 1754 a 1801". Alicante: Espagrafic. Real Academia de la Historia.

ARIAS VILAS, Felipe. (2015): "Soleira da obra *Valuria* de Xosé Otero Canto", *As Foulas do Rañego*, nº 1. Xermolos-Irmandade Manuel María.

CARBALLO FERREIRO, Xosé Manuel (2016): "*Carta aberta a Manolo Rodríguez*". Galicia Dixital 25-05-2016.

COROMINAS, Joan. (1967): *Breve Diccionario Etimológico de la Lengua Castellana*. Edit. Gredos, S.A. 2ª ed. Revisada, Madrid, p. 597.

CUBA, Xan; MIRANDA, Xosé; REIGOSA, Antonio (1999): *Diccionario dos seres míticos galegos*: Xerais.

DICCIONARIO ILUSTRADO LATINO-ESPAÑOL. ESPAÑOL-LATINO (1962): Edit. Spes, S.A., 6ª edic., Barcelona, p. 534.

DORREGO MARTÍNEZ, Filomena. (2005): "Sobre os Baluros: mito e realidade". *Croa. Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga*, nº 15, pp. 27-30.

OTERO CANTO, Xosé. (2017): "Sobre a etimoloxía da palabra "valuro". *Croa. Boletín do Museo do Castro de Viladonga*, nº 27, pp. 100-103.

PÉREZ Y VERDES, Ricardo. (1996): "Manuel Becerra, de barricadista a ministro". *Croa. Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga*, nº 6, pp. 22-25.

RIELO CARBALLO, Isaac. *Aproximación histórica ós baluros ou valuros*. Caderno monográfico repartido en Castro de Rei 28-02-16.

RIELO CARBALLO, Isaac. (2015): "Xosé Manuel Carballo e os baluros". En *Cerna de Carballo. Xosé Manuel Carballo visto por 200 amigos e amigas*. Xermolos-Irmandade Manuel María. Colección Pedra Alveira, nº 6.

RODRÍGUEZ, Eva. *O enigma do ADN dos tres uros da pastora Elba do Courel*. Gciencia. Agencia Sinc, 24/05/21.

VILLAR, Francisco; PRÓSPER, B. Mª. (2005) *Vascos, celtas e indoeuropeos. Genes y Lenguas*. Edic. Universidad de Salamanca.